

**ACTA NÚMERO: 39/2022**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 7 DE OUTUBRO DE 2022.**

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 11 horas e 30 minutos do día 7 de outubro de 2022 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidente:** Don Gregorio Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 29 de setembro de 2022 (Reunión 38/2022).*
2. *Selección de empresa candidata ao sistema dinámico de adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encuadernación e distribución de libros". (Expte.- 2022015213).*
3. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora do CEIP Daría González García". (Expte.- 2022034932).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)". (Expte.- 2022039817).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 3102 Tomiño-Sabarís mediante a instalación de barreiras de seguridade (Tomiño)". (Expte.- 2022039819).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do "Servizo de xestión e guía das visitas á Estación Fitopatolóxica Areeiro". (Expte.- 2022030995).*
7. *Aprobación das valoracións acadadas no sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos de dirección de obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios municipios da provincia de Pontevedra dentro do proxecto IDAE FEDER EELL 2020-004631 ao amparo do RD 316/2019 de 26 de abril Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Expte.- 2022004081)*
8. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos de dirección de obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios municipios da provincia de Pontevedra dentro do proxecto IDAE FEDER EELL 2020-004631 ao amparo do RD 316/2019 de 26 de abril Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Expte.- 2022004081)*



Non asiste os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego, D. Miguel Adolfo Dominguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do Partido Popular e D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

**1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 29 de setembro de 2022 (Reunión 38/2022).***

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior do día, 29 de setembro de 2022 (Reunión 38/2022).

**2. *Selección de empresa candidata ao sistema dinámico de adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encuadernación e distribución de libros". (Expte.- 2022015213).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 8 de xullo do 2022, aprobou o expediente para implementar un *Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros*, acordando o inicio da fase I de selección de candidatos.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse á Oficina de publicacións da Unión Europea, e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 20 de xullo do 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL.

Conforme o prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego.

Se a Mesa observase defectos emendables nos documentos presentados, comunicarao ás persoas candidatas afectadas, concedéndolles un prazo de tres días



naturais para que poidan emendar tales defectos, entendendo, noutro caso, que a/o candidato desiste a súa inclusión.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.

Para as novas incorporacións no sistema, dentro do dez primeiros días de cada un dos meses será resolta a selección de todos aqueles empresarios que solicitasen a entrada no sistema desde a última resolución de selección.

A continuación, a Mesa procede á cualificación e avaliación da documentación presentada pola única empresa candidata no sobre electrónico de solicitude de adhesión durante este período, co seguinte resultado:

<b>Candidaturas presentadas</b>		Artes Graficas Jadfel, s.l. (NIF: B36891703) <b>Data presentación: 26/09/2022</b>
<b>DOCUMENTACIÓN</b>	<b>ROLECE/RCGA</b>	SI (ROLECE)
	<b>Solicitude de adhesión Anexo I.</b>	√ Categorías: I-II
	<b>Declaración responsable</b>	√
	<b>Capacidade para contratar</b>	√ (ROLECE OBJETO SOCIAL)
	<b>Solvencia económica:</b> Volume anual de negocios ≥ 60.000 euros.	SÍ
	<b>Solvencia técnica</b> Relación dos principais servizos últimos anos ≥ 60.000 euros, sen IVE.	SÍ
	<b>Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social</b>	Intermediación OK
	<b>Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria</b>	Intermediación OK
	<b>Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto de actividades económicas</b>	Intermediación OK

A Mesa de Contratación acorda seleccionar á empresa Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) por ter acreditado que cumpre co criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión da mesma nas seguintes categorías do Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros:

- Categoría I: Principal: Servizos de impresión e servizos conexas 79800000-2  
Servizos de encadernación y acabado de libros 79971000-1.
- Categoría II: Principal: Servizos de impresión e distribución 79824000-6  
Servizos de encadernación y acabado de libros 79971000-1.



**3. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora do CEIP Daría González García". (Expte.- 2022034932).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 9 de setembro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra "Mellora do CEIP Daría González García".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13 de setembro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desciframento e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCTORA CONVIAL, S.L., presentou a súa oferta as 10 horas e 43 segundos, polo que está fora do prazo de presentación de ofertas.

A Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:
  - CIVIS GLOBAL S.L.
  - CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.
  - CONSTRUCCIONES OREGA S.L.
  - CONSTRUCCIONES RAMIREZ S.L.



- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.
  - DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS S.L.
  - OBRAS GALLAECIA S.L.
  - OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO S.L.
  - ORECO BALGON, S.A.
  - PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A.
  - XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
2. Non admitir a oferta de empresa CONSTRUCTORA CONVIAL, S.L., por presentar a súa proposición fóra do prazo de presentación de ofertas.
3. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Arquitectura, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

**4. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)”. (Expte.- 2022039817).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 9 de setembro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13 de setembro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.



O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:
  - CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO S.L.
  - CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS S.L.
  - CONSTRUCCIONES FECHI S.L.
  - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A.
  - EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.
  - HORDESCON S.L.
  - MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
  - NAROM S.L.
  
2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.
  
5. ***Apertura electrónica dos sobres “Únicos” correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 3102 Tomiño-Sabarís mediante a instalación de barreiras de seguridade (Tomiño)”. (Expte.- 2022039819).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 2022006289 de data 5 de setembro de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 3102 Tomiño-Sabarís mediante a instalación de barreiras de seguridade (Tomiño)”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5 de setembro de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.





O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- SEÑALIZACIONES ASTURIAS, S.L.
- BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.
- API MOVILIDAD, S.A.
- VIABAL MANTENIMENT I CONSERVACION, S.A.
- IMESAPI, S.A.
- SEÑALIZACIONES PEÑA, S.L.
- SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.
- SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS DE GALICIA, S.A.
- ACEINSA SALAMANCA, S.A.
- ACEINSA MOVILIDAD, S.A.

A Mesa de Contratación toma coñecemento de que na documentación aportada polas empresas figura que pertencen a un mesmo grupo empresarial as seguintes empresas:

- As empresas, API MOVILIDAD, S.A.; VIABAL MANTENIMENT I CONSERVACION, S.A. e IMESAPI, S.A. pertencen a un mesmo grupo empresarial.
- As empresas, ACEINSA MOVILIDAD, S.A. e ACEINSA SALAMANCA, S.A. tamén pertencen a un mesmo grupo empresarial.

Os valores ofertados foron o seguintes:



LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
SEÑALIZACIONES ASTURIAS, S.L.	61.316,00 €	1%	24 MESES	SI	SI
BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.	61.725,52 €	3%	36 MESES	NO	NO
API MOVILIDAD, S.A.	58.399,22 €	3%	36 MESES	SI	SI
VIABAL MANTENIMENT I CONSERVACION, S.A.	60.081,66 €	3%	36 MESES	SI	SI
IMESAPI, S.A.	61.764,10 €	3%	36 MESES	SI	SI
SEÑALIZACIONES PEÑA, S.L.	61.740,00 €	3%	36 MESES	NO	NO
SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.	63.704,42 €	3%	36 MESES	SI	SI
SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS DE GALICIA, S.A.	68.428,00 €	3%	36 MESES	NO	NO
ACEINSA SALAMANCA, S.A.	61.000,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	62.300,00 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, API MOVILIDAD, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforo económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

**6. Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do "Servizo de xestión e guía das visitas á Estación Fitopatolóxica Areeiro". (Expte.-2022030995).**





O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 2022006513 de data 14 de setembro de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do “Servizo de xestión e guía das visitas á Estación Fitopatolóxica Areeiro”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 14 de setembro de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres correspondente á documentación administrativa e ofertas presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos, as empresas presentadas foron as seguintes:

- AGUIAS DE VIGO S.L. (NIF: B27814359)
- SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (NIF: B94011665)
- FAZ CULTURA E DESENVOLVEMENTO S.L. (NIF: B70334719)

Os valores ofertados foron o seguintes:

#### **AGUIAS DE VIGO S.L. (B27814359)**

#### **Prezo ofertado a tanto alzado (para un mes de servizo):**

<b>Importe sen o IVE:</b>	1.980,00€
<b>IVE (21%):</b>	415,80€



<b>Importe total ofertado:</b>	2.395,80€
--------------------------------	-----------

**SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (B94011665)**

**Prezo ofertado a tanto alzado (para un mes de servizo):**

<b>Importe sen o IVE:</b>	2.120,00€
<b>IVE (21%):</b>	445,20€
<b>Importe total ofertado:</b>	2.565,20€

**FAZ CULTURA E DESENVOLVEMENTO S.L. (B70334719)**

**Prezo ofertado a tanto alzado (para un mes de servizo):**

<b>Importe sen o IVE:</b>	2.185,00 €
<b>IVE (21%):</b>	458,85 €
<b>Importe total ofertado:</b>	2.643,85 €

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, de conformidade co establecido nos pregos, a puntuación acadada polas empresas é a seguinte:

<b>Empresa</b>	<b>Puntuación</b>
AGUIAS DE VIGO S.L. (NIF: B27814359)	94,198 puntos
SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (NIF: B94011665)	65,708 puntos
FAZ CULTURA E DESENVOLVEMENTO S.L. (NIF: B70334719)	52,210 puntos

A Mesa de Contratación acorda:

- Admitir as seguintes empresas neste procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do “*Servizo de xestión e guía das visitas á Estación Fitopatolóxica Areiro*”:
  - AGUIAS DE VIGO S.L. (NIF: B27814359)
  - SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (NIF: B94011665)
  - FAZ CULTURA E DESENVOLVEMENTO S.L. (NIF: B70334719)
- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación do “*Servizo de xestión e guía das visitas á Estación Fitopatolóxica Areiro*”, que queda da seguinte forma:

<b>POSICIÓN</b>	<b>EMPRESA LICITADORA</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
1ª	AGUIAS DE VIGO S.L. (NIF: B27814359)	94,198 puntos
2ª	SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (NIF: B94011665)	65,708 puntos



3ª	FAZ CULTURA E DESENVOLVEMENTO S.L. (NIF B70334719)	52,210 puntos
----	--	---------------

3. Propor ó órgano de contratación, neste caso o Deputado Delegado da área Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do “*Servizo de xestión e guía das visitas á Estación Fitopatolóxica Areeiro*”, á empresa AGUIAS DE VIGO S.L. (NIF: B27814359) que alcanzou a maior puntuación de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado ..... 1.980,00 €  
 IVE (21%) ..... 415,80€  
 Importe Total ..... 2.395,80€

A Mesa de Contratación comproba que a empresa AGUIAS DE VIGO S.L. (NIF: B27814359), proposta como adxudicataria, figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, que está debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que proceda a requirirle a empresa AGUIAS DE VIGO S.L. (NIF: B27814359), proposta como adxudicataria, mediante comunicación electrónica, para que presente o resto de documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector. Entre a documentación que debe aportar figura a seguinte:

- Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira, técnica
- Documento que acredita a constitución da garantía definitiva importe de 1.584,00 €.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a esixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, e a recadar a mesma documentación á empresa licitadora seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

**7. Aprobación das valoracións acadadas no sobres “A” correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos de dirección de obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios municipios da provincia de**



**Pontevedra dentro do proxecto IDAE FEDER EELL 2020-004631 ao amparo do RD 316/2019 de 26 de abril Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Expte.- 2022004081).**

O Sr. Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial nº 2022006167 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do “*Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios municipios da provincia de Pontevedra dentro do proxecto IDAE num FEDER-EELL-2020-004631 ao amparo do RD 316/2019 de 26 de abril do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020*”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 29/08/2022. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- Consultora de ingeniería, medio ambiente y arquitectura SL (CIF B-15.952.369)
- Inberso Tecnologías SL (Cif B-27.861.335)

O Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios Eugenio Marcote Carballo, con data 6 de outubro de 2022, emitiu o correspondente informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

	Criterios		Puntuación max.	Imberso Tecnologías SL	CIMARQ
1a	Calidade técnica da memoria	Nivel de coñecemento e concreción	5	5	2,5
1b		Aspectos relevantes da oferta	5	4,5	4
1c		Planificación e organización	5	5	4
	Metodoloxía de toma de datos		10	9,5	8
	Metodoloxía de comprobación dos resultados		10	7	4,5
	PUNTOS TOTAIS		35	31	23



A Mesa de Contratación, en base ao informe técnico emitido polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios Eugenio Marcote Carballo, con data 6 de outubro de 2022, acorda prestar conformidade as citadas puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do “*Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios municipios da provincia de Pontevedra dentro do proxecto IDAE num FEDER-EELL-2020-004631 ao amparo do RD 316/2019 de 26 de abril do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.*”

**8. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos de dirección de obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios municipios da provincia de Pontevedra dentro do proxecto IDAE FEDER EELL 2020-004631 ao amparo do RD 316/2019 de 26 de abril Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Expte.-2022004081)**

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas, “Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura S.L.” (CIF B-15.952.369) e Inberso Tecnologías S.L. (CIF B-27.861.335), outorgada pola Mesa de Contratación en base ao informe de valoración técnica efectuada polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios, Eugenio Marcote Carballo, con data 6 de outubro de 2022 e que é a seguinte:

Puntuación Sobre A	Máxima( 35 puntos)
Inberso Tecnologías SL	31
Consultora de ingeniería, medio ambiente y arquitectura SL (CIMARQ)	23

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de



validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descrición e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación referida e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable, en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados no sobre B son os seguintes:

**Empresa : Inberso Tecnologías SL**

Descrición do proxecto	Importe máximo (sen IVE)	Importe ofertado (sen IVE)	IVE (21 %)	Importe ofertado (IVE incl)
Proxecto 1. Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Barro.	4.346,28 €	4.000,00 €	840,00 €	4.840,00 €
Proxecto 2. Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas no concello da Cañiza.	6.684,19 €	6.000,00 €	1.260,00 €	7.260,00 €
Proxecto 3. Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello do Grove.	5.029,58 €	5.000,00 €	1.050,00 €	6.050,00 €
Proxecto 4. Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Marín.	3.647,73 €	3.500,00 €	735,00 €	4.235,00 €
Proxecto 5. Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas no concello de Meis.	4.887,73 €	4.495,00 €	943,95 €	5.438,95 €
Proxecto 6. Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Nigrán.	7.896,14 €	7.000,00 €	1.470,00 €	8.470,00 €
-Proxecto 7. Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Pontearreas	5.109,27 €	5.000,00 €	1.050,00 €	6.050,00 €
Proxecto 8. Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas no concello de Pontecesures	5.106,15 €	5.000,00 €	1.050,00 €	6.050,00 €
<b>Total</b>	<b>42.707,07 €</b>	<b>39.995,00 €</b>	<b>8.398,95 €</b>	<b>48.393,95 €</b>

2.- Experiencia do técnico redactor proposto en elaboración de proxectos de instalacións de abastecemento e saneamento de augas urbanas a maiores da experiencia mínima esixida.





Criterio	Nº proxectos ofertados (a maiores do mínimo )
Número de proxectos de instalacións de abastecemento e saneamento de augas urbanas redactados polo técnico redactor proposto a maiores do mínimo esixido (o número mínimo é de un proxecto nos últimos 2 anos)	9

3.- Experiencia do técnico en supervisión de traballos en instalacións de abastecemento e saneamento de augas urbanas a maiores dos traballos mínimos esixidos.

Criterio	Nº proxectos ofertados (a maiores do mínimo)
Número de proxectos de supervisión de traballos en instalacións de abastecemento e saneamento de augas urbanas dirixidos polo técnico redactor proposto, a maiores do mínimo esixido (o número mínimo esixido é de un proxecto nos últimos 2 anos).	9

#### Empresa: Consultora de ingeniería, medio ambiente y arquitectura SL

Descrición do proxecto	Importe máximo (sen IVE)	Importe ofertado (sen IVE)	IVE (21 %)	Importe ofertado (IVE incl)
Proxecto 1. Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Barro.	4.346,28 €	2.904,62 €	609,97 €	3.514,59 €
Proxecto 2. Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas no concello da Cañiza.	6.684,19 €	4.467,04 €	938,08 €	5.405,12 €
Proxecto 3. Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello do Grove.	5.029,58 €	3.361,27 €	705,87 €	4.067,14 €
Proxecto 4. Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Marín.	3.647,73 €	2.437,78 €	511,93 €	2.949,71 €
Proxecto 5. Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas no concello de Meis.	4.887,73 €	3.266,47 €	685,96 €	3.952,43 €
Proxecto 6. Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Nigrán.	7.896,14 €	5.276,99 €	1.108,17 €	6.385,16 €
-Proxecto 7. Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Pontearreas	5.109,27 €	3.414,52 €	717,05 €	4.131,57 €



Proxecto 8. Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas no concello de Pontecesures	5.106,15 €	3.412,44 €	716,61 €	4.129,05 €
Total	42.707,07 €	28.541,13 €	5.993,64 €	35.434,77 €

2.- Experiencia do técnico redactor proposto en elaboración de proxectos de instalacións de abastecemento e saneamento de augas urbanas a maiores da experiencia mínima esixida.

Criterio	Nº proxectos ofertados (a maiores do mínimo )
Número de proxectos de instalacións de abastecemento e saneamento de augas urbanas redactados polo técnico redactor proposto a maiores do mínimo esixido (o número mínimo é de un proxecto nos últimos 2 anos)	9

3.- Experiencia do técnico en supervisión de traballos en instalacións de abastecemento e saneamento de augas urbanas a maiores dos traballos mínimos esixidos.

Criterio	Nº proxectos ofertados (a maiores do mínimo)
Número de proxectos de supervisión de traballos en instalacións de abastecemento e saneamento de augas urbanas dirixidos polo técnico redactor proposto, a maiores do mínimo esixido (o número mínimo esixido é de un proxecto nos últimos 2 anos).	9

A continuación procédese a valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa “Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura S.L.”, contén valores anormais ou desproporcionados en canto ao prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforo económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as once horas e corenta e oito minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

